

Outros destinos anteriores	
Anos	
Meses	
Días	

Títulos académicos

.....

.....

.....

.....

Coñecemento da lingua galega		Fala		Escribe		Entende	
------------------------------	--	------	--	---------	--	---------	--

Outros méritos que deban facerse constar de acordo coas bases da convocatoria

.....

.....

.....

.....

Outros méritos que o/a candidato/a desexe facer constar:

.....

.....

.....

.....

(Lugar, data e sinatura)

Conse lleiro do Medio Rural

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 22 de xullo de 2010, da Dirección de Recursos Humanos, relativo á publicación de puntuacións definitivas, á conclusión da fase de oposición e á apertura do prazo da fase de concurso.

O número 11 da base sexta A) da resolución da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 18 de febreiro de 2009 (DOG nº 40, do 26 de febreiro), pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en determinadas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, prevé que tras a publicación provisional das puntuacións dos exercicios, os aspirantes poderán presentar reclamación ante o tribunal no prazo de cinco días hábiles.

A estimación ou desestimación das ditas reclamacións entenderanse implícitas na resolución pola que se publiquen as puntuacións definitivas dos distintos exercicios.

Ademais, a base sexta B) dispón que, rematada na súa totalidade a fase de oposición, o tribunal publicará un acordo no *Diario Oficial de Galicia*, no cal se declarará rematada a fase de oposición e se abrirá un prazo de quince (15) días hábiles, contado a partir do seguinte ao da súa publicación, para que

estes aspirantes acheguen a documentación acreditativa dos méritos que aleguen.

Adoptado acordo de finalización da fase de oposición polos respectivos tribunais, procede agora darlle publicidade no *Diario Oficial de Galicia*, facultándose para iso expresamente este centro directivo, polo que

RESOLVO:

Primeiro.-Publicar as puntuacións definitivas do terceiro e/ou cuarto exercicio, acadadas polos/as aspirantes das categorías de cocineiro/a, grupo auxiliar da función administrativa, grupo de xestión da función administrativa, grupo técnico da función administrativa e persoal de servizos xerais, e declarar rematada a fase de oposición.

A estimación ou desestimación das reclamacións entenderanse implícitas nesta resolución de publicación.

Segundo.-Publicar a relación dos/as aspirantes que superaron a fase de oposición das citadas categorías, nos taboleiros de anuncios dos servizos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e na súa páxina web sergas.es

Terceiro.-Abrir o prazo de quince días hábiles, desde o día seguinte ao da publicación desta resolución, para que estes aspirantes presenten a documentación acreditativa dos méritos que aleguen nos seguintes lugares:

- a) Na Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade.
- b) Na Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde.
- c) Nas xefaturas territoriais de Sanidade dos departamentos territoriais da Xunta de Galicia.
- d) Nas direccións provinciais do Servizo Galego de Saúde.
- e) Nos servizos de persoal dos centros ou complexos hospitalarios do Servizo Galego de Saúde.
- f) Nos servizos de persoal das xerencias de Atención Primaria do Servizo Galego de Saúde.
- g) A través de calquera dos procedementos do artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cuarto.-Todos os aspirantes que superasen a fase de oposición deberán achegar obrigatoriamente fotocopia compulsada do seu DNI e fotocopia compulsada do título exixido para o ingreso na correspondente categoría.

Ademais, os que accedan polas quendas de promoción interna e de discapacitados deberán achegar, ademais da documentación anterior, orixinal ou certificación compulsada acreditativa, segundo os requisitos descritos nos puntos 2 e 3 da base segunda da convocatoria.

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2010.

Esperanza Fernández Lago
Directora de Recursos Humanos

Resolución do 23 de xullo de 2010, da Dirección de Recursos Humanos, pola que se fan públicos os acordos dos tribunais que xulgan o proceso selectivo para o ingreso en determinadas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, relativos á baremación provisional da fase de concurso.

O número 5 da base sexta B) da resolución da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 18 de febreiro de 2009 (DOG nº 40, do 26 de febreiro), pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en diversas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, dispón que, realizada polo tribunal a baremación correspondente da fase de concurso, se publicará esta mesma no *Diario Oficial de Galicia* con indicación da puntuación obtida por epígrafes, así como a valoración total da fase de con-

curso, para os efectos de que os aspirantes que o consideren oportuno poidan presentar reclamación ante o propio tribunal. Polo tanto, este centro directivo

RESOLVE:

Primeiro.-Publicar as puntuacións obtidas polos aspirantes das categorías de enfermeiro/a especialista en obstetricia-xinecoloxía, logopeda, técnico/a especialista en radioterapia, de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, dos diversos procesos selectivos convocados polas diversas resolucións da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 11 de decembro de 2008 (DOG nº 247, do 22 de decembro), nos taboleiros de anuncios dos servizos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e na súa páxina web www.sergas.es relativas á baremación provisional da fase de concurso, nas distintas epígrafes, e a valoración total, indicando ademais, se é o caso, a relación de aspirantes excluídos da fase de concurso por non achegar a documentación requirida ou por non cumprir os requisitos da convocatoria.

Segundo.-Abrir o prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para que os interesados poidan presentar, de ser o caso, reclamación contra a puntuación outorgada nesta baremación, dirixida expresamente á Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde.

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2010.

Esperanza Fernández Lago
Directora de Recursos Humanos

Anuncio do 5 de xullo de 2010, da Xerencia de Atención Primaria de Lugo, pola que se procede a dar publicidade á resolución da mesma data pola que se adxudican, mediante concurso de méritos, tres postos de xefatura de equipo de persoal de xestión e servizos na Xerencia de Atención Primaria de Lugo.

Convocada a provisión, polo sistema de concurso de méritos, de tres postos de xefatura de equipo, de persoal de xestión e servizos, mediante Resolución do 6 de abril de 2010 (DOG nº 81, do 30 de abril), desta xerencia, de conformidade co previsto no Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, e na Orde do 24 de maio de 2006 pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión de postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, e en exercicio das competencias que ten atribuídas no artigo 5 j) da Orde do 15 de xuño de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* nº 119, do 19 de xuño), sobre